

**RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL**

Expediente	2020020804
Asunto	ESCOLAS DEPORTIVAS BALONMÁN 2020
Trámite	APROBACIÓN SUBVENCIÓN ESCOLAS DEPORTIVAS BALONMÁN 2020

MG-UA/ds

O Deputado Delegado, en virtude das facultades delegadas da Presidencia, segundo R.P. nº 2020007293 de 16/03/2020, ditou a seguinte RESOLUCIÓN:

Vista a petición da FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN, con CIF: G36690832, para subvencionar as ESCOLAS DEPORTIVAS DA DEPUTACIÓN na modalidade de BALONMÁN e o informe favorable de intervención con data 11/05/2020 no que informa da existencia de consignación suficiente e formula unha serie de recomendacións a ter en conta, RESOLVO aprobar o gasto de 75.000,00 €, para a finalidade citada, con cargo a la aplicación orzamentaria 20/340.3410.489.02 - R.C. nº 20200007776 que se achegará á FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN, mediante transferencia bancaria á conta indicada polo beneficiario, unha vez se xustifique o importe da subvención concedida con facturas, recibos, etc., que reúnan os requisitos legais esixidos por R.D.1496/03 de 28 de novembro sobre confección de facturas, xunto coa conta xustificativa que relacione os gastos establecidos no orzamento presentado por importe de 75.000,00 € e realizados co desenvolvemento da actividade, tal como se establece no art. 30 da Lei 38/03, Xeral de Subvencións.

O pago das facturas que figuren na conta xustificativa deberá efectuarse, de non telo feito antes, no prazo máximo dun mes dende a percepción dos fondos e realizarase preferentemente a través de entidades financeiras, sendo obrigatorio en todo caso cando o importe de cada factura supere os 900,00 €.

Xunto coa xustificación deberá acompañar unha memoria da actividade que se realizou e acreditar a difusión do seu financiamento pola Deputación.

A concesión desta subvención é compatible con outras que se reciban para o mesmo fin, tendo en conta que o conxunto de todas elas en ningún caso poderá superar o 100% do custo da actividade que se leve a cabo.

A subvención concedida deberá xustificarse no prazo de tres meses dende a finalización do prazo da realización da actividade e, en todo caso, antes do 31/03/2021.

O beneficiario, de acordo co establecido no art. 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXSDEPPO) publicada no BOPPO núm. 249 de 30/12/2016, estará suxeito ó control financeiro que se poida exercer, no prazo de catro anos a contar desde o pago da subvención, indicándolle que no caso



de non ter Contabilidade fiable, só serán subvencionables os gastos que se poidan acreditar mediante extractos bancarios (independentemente do importe dos mesmos).

O pago anticipado poderá ser solicitado polos beneficiarios, e terá que ser proposto polo Xefe do Servizo de Deportes, informado por Intervención e autorizado pola Presidenta. Dito pago poderá realizarse ó principio de cada un dos dous períodos anuais, anticipando ata o 100% do importe correspondente a cada un deles. O importe correspondente a cada período calcularase dividindo o importe total da subvención entre o número de meses dos dous períodos, e logo multiplicar por o número de meses de cada período. Non se poderá anticipar o pago dun período si está pendente de xustificar algún dos anteriores.

Así mesmo debe remitirse fotocopia desta resolución e os impresos que se achegan debidamente cumprimentados.

Asinado dixitalmente ao marxe.

*Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá vostede interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.*

INTERVENCIÓN-DEPORTES-INTERESADOS

